Sr./a. director/a do centro:

O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios *(DOG do 4 de abril)* establece, na súa disposición transitoria, que mentres non se desenvolva o decreto mantense a vixencia da Orde do 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios **no que non se opoña ao mesmo.**

Por outro lado, e de acordo co artigo 15 deste mesmo decreto, unha vez aprobada a conta de xestión do orzamento, o Consello escolar remitirá á Delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha certificación, segundo o modelo que se facilitará, na que figure, por unha parte, a expresión dos **fondos recibidos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e demais ingresos obtidos**, e doutra, os gastos realizados con cargo aos citado ingresos, así como o saldo que resulte, no seu caso.

Mentres non se desenvolve o decreto e co fin de unificar o modelo da conta de xestión do orzamento que se someterá a aprobación do Consello escolar, **empregarase o anexo a) que se acompaña.** Deste xeito, deberán facer constar todos os ingresos que o centro puidera percibir, de acordo co previsto no artigo 5 do decreto, e os gastos realizados con cargo a tales ingresos, así como, **o saldo resultante, no seu caso, que se incorporará ao exercicio 2009.**

Os centros que xestionen directamente comedor escolar deberán facer constar os ingresos e os gastos nos apartados correspondentes ao comedor indicados no anexo.

No caso de que o centro reciba fondos para o equipo de normalización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, deberao recoller no apartado b) do estado de ingresos do anexo.

As **partidas finalistas** recibidas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (tales como as destinadas ao programa de gratuidade de libros de texto, as enviadas para a adquisición de fondos documentais, equipos, mobiliario e gastos de funcionamento específicos para as bibliotecas escolares, as do plan de mellora da calidade dos centros, etc.) requirirán, ademais, unha xustificación individual, de xeito que se farán constar os ingresos, os gastos, e o remanente específico que se incorpora ao ano 2009, de ser o caso. Para estes efectos deberán utilizar o **anexo b)**, empregando tantos anexos b) como partidas finalistas reciba o centro procedentes da consellería.

Os fondos europeos para gastos de funcionamento incluiranse nesta xustificación, e ademais xustificaranse ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais de acordo co manual operativo para xustificación de gastos cofinanciados polo FSE . **Neste caso os fondos non deberán incorporarse ao ano 2009.**

Estes anexos, cubertos en todos os seus apartados, deberán enviarse debidamente asinados á **Delegación provincial da consellería.**

Ademais, os centros incorporarán coa xustificación unha **certificación bancaria das súas contas, co saldo a 31 de decembro de 2008**. Se o saldo da conta bancaria non coincidira co remanente que se incorpora (por ter pendentes de cargar en conta pagos correspondentes ao ano 2008, recibir ingresos correspondentes ao ano 2008 no mes de xaneiro 2009 ou calquera outra circunstancia) deberán aclarar a que se debe no espazo destinado á **conciliación bancaria**.

Se o importe que figura no apartado h) do estado de ingresos (remanentes do exercicio anterior) non coincidira co importe sinalado como remanente na xustificación do ano 2007, deberase indicar o motivo da diferenza.

Esta información, xunto cos anexos, tamén estará dispoñible no portal educativo da consellería, no apartado de gastos de funcionamento.

Para calquera aclaración ao respecto poden poñerse en contacto coas habilitacións das Delegacións provinciais desta consellería

.

A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA,
Mª José Pérez Mariño